



Aporofobia: un desafío para a democracia

Santiago González Avión

1.- A pertinencia dun libro: os dereitos humanos en risco

A evolución política e social de Europa en particular e do mundo en xeral converteron este ano 2019 na data do maior desafío para a democracia na forma en que a coñecemos, a democracia liberal das sociedades capitalistas. De partida, convén realizar unha advertencia moi importante: non se albiscan no horizonte outras formas de democracia viables, nin na escala dos estados nacionais nin na escala da sociedade planetaria. Desde logo, en dimensións máis básicas, existen outras formas de xestión colectiva que inclúen formas de participación democrática e mecanismos de autoxestión que transcenden as regras formais dos Estados de dereito configurados como democracias. Convén estar atentos a esas novas voces, pero existe un risco real de que camiñemos cara a sociedades capitalistas sen ningunha forma de democracia (como ocorre xa na República Popular China, por citar só a segunda potencia mundial da actualidade), ou con normas nas que as liberdades están limitadas de forma drástica polo poder político (como acontece en Filipinas), ou con procesos nos que o pluralismo e a representación popular tenden a reducirse paulatinamente baixo as restricións que presenta a extrema dereita (como no caso de Brasil e, en menor medida, Estados Unidos e diversos países de Europa). Iso sen contar aqueles outros países que, aínda inseridos en maior ou menor medida nos procesos de globalización económica capitalista, nunca chegaron a desenvolver sociedades e sistemas políticos democráticos ou nos que estes sufriron importantes retrocesos, ben mediante golpes de estado, ben mediante a culminación de procesos autoritarios de longo percorrido.